Proxecto EPÍSTOLA
Consello da Cultura Galega

# Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

## Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 00/01/1963

**Colección:**
**Data:** 00/01/1963
**De:**
Ramón Piñeiro;
**Para:**
Luís Seoane;
**Orixe:**
Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)
**Destino:**
Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)
**Ficha descriptiva:**
[Carta manuscrita]
**Localización física:**Fundación Luis Seoane
**Temáticas:**
*Dos arquivos do trasno*; *Historia da Literatura Galega Contemporánea*; *O segredo do humor*; Artes; Autores/as; Literatura;
**Mencionados:**
Eduardo Blanco Amor; Ricardo Carballo Calero; Rafael Dieste; Celestino Fernández de la Vega; Domingo García-Sabell; Maruxa Seoane;

VER O DOCUMENTO ORIXINAL

**Transcrición da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 00/01/1963**

Compostela, xaneiro de 1963

Querido Luis:

Recibín o teu catálogo. Según teño entendido, vas trasladarte a Suiza. En realidade, eu coidaba que ibas vir pra eiquí, porque eso foi o que me dixo Dieste nunha ocasión. De calquera xeito, estando en Suiza será máis doado que veñas dar unha volta en calquera momento.
Xa verías, coido, a reedición que fixemos de Dos Arquivos do Trasno. A Dieste hai tempo que nono vexo.
Temos na imprenta un denso libro de ensaios de Domingo. Tamén enviamos á Censura un espléndido libro de Celestino F. de la Vega sobre o Humor. E deben de estar a punto de sair un libro de contos de Blanco Amor e máis o primeiro tomo da Historia da Literatura Galega de Carballo Calero. Como ves, vaise traballando.
Que iste novo ano vos traia moitas venturanzas e trunfos en Europa, posto que o pasaredes nela.
Moitos saúdos nosos a Maruxa. Pra tí, unha forte e cordial aperta do teu amigo.

Ramón

Créditos do proxecto web

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.